

Les para saber
A CIENCIA

Charlas científicas e obradoiros dirixidos a nenas e nenos, a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda. Perillo
Horario: 18.30 h.

BIBLIOTECA
CATÁLOGO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO
<http://catalogo-bibliografica.xunta.gal/>
Visita o noso blog:
<http://bibliotecaspublicas.municipal.com>
Síguenos en Twitter @BIBLIOTECAS


m2
Museos Científicos Coruñeses

UDCiencia
UNIVERSIDADE DE CORUÑA

Concello de Oleiros
www.oleiros.org


Ola, son **Antonio Patiño** e o 10-05-2019 estarei en **Rialeda** coa charla titulada **“Aves da ría do Burgo”**. Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros que a biblioteca seleccionou para ti relacionados coas aves, a fotografía da natureza, etc.!!!

“Mi primera guía de campo de aves” de Víctor J. Hernández e Antonio Ojea
Con esta guía poderás iniciarte na observación das aves. Os autores fan unha escolla de 40 especies que se poden ver no noso contorno. A paciencia, o silencio e os movementos lentos son fundamentais para ver paxaros. E esta guía, para identificarlos.




“Inventario ilustrado de aves” de Virginie Aladjidi e Emmanuelle Tchoukriel
No mundo hai máis de dez mil especies de aves e oitenta están presentes neste Inventario. Fermosísimas ilustracións xunto a unha pequena descrición das características principais de cada una das aves fan deste libro un imprescindible para as-os amantes dos paxaros.

“Observando aves” de Calros Silvar
Para a observación destes fermosos animais precisaremos roupa de abrigo, unha libreta de campo, unha guía de identificación, e a poder ser, uns prismáticos, entre outras cousas. Este manual de iniciación axudaravos a dar os primeiros pasos no fascinante mundo da observación e defensa das aves, e por ende, da natureza.



Consulta máis títulos sobre este tema nesta [ligazón](#)




“As 50 aves máis comúns” de Xosé M. Penas Patiño, Carlos Pedreira López e Carlos Silvar

Tres especialistas en ornitoloxía elaboraron esta pequena guía para todas as persoas que queren iniciarse no mundo da observación de aves. As claves para identificalas, cando, como e onde ver aves, e todo aquilo que precisas para axudarche a recoñecelas.

“El fotógrafo en la naturaleza: guía completa para la era digital” de José B. Ruiz

Un fotógrafo experimentado, como o que hoxe nos visita para esta charla científica, elaborou esta completa guía tendo en conta os avances da era dixital aplicada a recoller as mellores instantáneas do mundo natural.



“Cuándo ver aves en Galicia: propuesta mes a mes para familias...” de Antonio Sandoval e Cosme D. Romay

Nesta guía poderás coñecer o gran número de lugares desde os que observar aves en Galicia. Sabías que Galicia é un importantísimo lugar de paso de numerosas aves nas súas migracións?



“Me pregunto por qué los buitres son calvos y otras preguntas sobre pájaros” de Amanda O’Neill

Libro dirixido ao noso público máis miúdo que conta curiosidades, forma de vida e características dos paxaros dun xeito desenfadado e divertido.

